

REGULAMENTO VI MARCHA BTT CONCELLO DE DUMBRÍA.

1.- ORGANIZACIÓN: A proba está organizada polo Concello de Dumbría en colaboración co Club Ciclista Dumbría.

2.- DATA E LUGAR DA ACTIVIDADE, RECOLLIDA DE DORSAIS: A VI marcha btt Concello de Dumbría, celébrase o domingo día 1 de maio do 2016. O lugar de saída e meta e dende as instalacións deportivas do Conco: N 43º 00' 20" / W 9º 06' 40". A hora de saída será as 09:30h da mañá. A recollida de dorsais será no mesmo lugar de saída a partir das 08:15 h da mañá, e o día antes da marcha en horario de 17:00 h a 19:00h. Os dorsais serán facilitados pola organización, é imprescindible presentar o D.N.I para recoller o dorsal. No caso de ser menor de idade é necesario ademais de presentar o D.N.I, UNHA AUTORIZACIÓN DO TUTOR LEGAL DO MENOR. O mesmo tempo que se fai a entrega do dorsal, a organización facilitará o correspondente xustificante para o avituallamento. Unha vez rematada a proba, o persoal encargado de retirar os dorsais fará entrega do xustificante para o xantar.

3.- INSCRICIÓN:

O custo da inscrición é de 12€, que inclúen participación na marcha, avituallamentos e comida.

Inscrición:

O prazo de inscrición comeza o vindeiro 1 de abril e remata o 27 de abril.

A inscrición para a marcha , realizarase mediante a páxina: www.emesports.es

A inscrición non se dará por válida ata que se complete o pago.

A relación de participantes pódese consultar na web: www.cfdumbria.com

Para calquera aclaración, a organización dispón do seguinte correo electrónico: (cc.dumbria@yahoo.es)

Establécese un máximo de participantes de 400.

4.- PARTICIPACIÓN:

A idade mínima de participación é de 16 anos. Todo menor de idade deberá presentar unha autorización do seu titor legal para poder participar no evento. O tutor estará presente na entrega do dorsal para firmar a autorización. Cada participante é responsable da súa condición física e psíquica para participar na marcha BTT.

5.- EQUIPAMENTO:

Cada participante é responsable de portar o correcto equipo para a práctica da actividade, así coma de levar os elementos necesarios (ferramentas e recambios), para subsanar problemas mecánicos que puideran ter lugar no transcurso da marcha. Para participar, é obrigatorio o uso do casco homologado para o ciclismo de montaña. O dorsal estará visible en todo momento.

6.- PERCORRIDO:

O percorrido da marcha BTT terá un kilometraje aproximado de entre 40 e 46 km.

O transcurso da marcha BTT, ten varios cruces abertos o tráfico, é necesario extremar as precaucións e respetar as normas xerais de seguridade vial.

A MARCHA BTT NON É COMPETITIVA

A marcha será de velocidade libre, a organización realizará os agrupamentos que considere oportunos co fin de garantir o millor desenrolo da proba.

Realizaráse un avituallamento sólido e líquido nun punto intermedio do percorrido, así coma un líquido uns kilómetros antes da meta.

Non hai límite de hora para completar a marcha, cada participante é libre de completar o percorrido .

O percorrido estará sinalizado cos mellores medios posibles, é obrigatorio cumprir as sinalizacións do percorrido.

7.- SAIDA DA MARCHA:

A hora de saída da ruta é as 09:30 h, os participantes teñen que vir co tempo necesario para recoller o dorsal e colocarse en liña de saída 10 minutos antes da hora de saída.

8.- ITINERARIO, Relación detallada de vías e Concellos afectados, horarios probables:

A marcha btt, de carácter non competitivo, transcorre na súa maior parte por pistas e camiños públicos, evitando propiedades privadas. Solamente en catro ocasións, os ciclistas pisará, carreteras transitadas por vehículos.

Xusto na saída, os participantes en pelotón percorrerán 2km da carretera C3404, na localidade de Dumbría capital.

Os 26 km, cruzarán a estrada comarcal 3404 a altura de O Logoso.

O cen por cen da proba é por terreos do Concello de Dumbría. en ningún momento pisase algún outro Concello.

Os horarios previstos para a finalización da ruta, irán dende as tres horas e media ata as 4 horas, dependendo da condición física do participante. Non hai horario límite de entrada en meta, cada corredor e libre de coller o ritmo que necesite. Deste xeito, os primeiros ciclistas comezarán a chegar sobre as 12,30h e os últimos entre as 14,00h e 14,30h.

9.- IDENTIFICACIÓN DOS RESPONSABLES DA ORGANIZACIÓN.

Director executivo: Cesar Ferrío Martínez con DNI 79319908 S

Responsable seguridade vial: Raúl González Lado con DNI:76357289 A

10.- Nº APROXIMADO DE PARTICIPANTES:

O límite de anotados para a marcha é de 400, pero se calcula un número aproximado de 250.

11.- LIBRO DE SEGURIDADE:

A marcha btt, estará controlada en todo momento pola Agrupación de voluntarios de Protección Civil de Dumbría, cos medios que sexan oportunos en cada momento. Toda a marcha estará sinalizada con estacas indicativas, que serán retiradas o mesmo día. Ademais das indicacións a dereitas e esquerdas, donde a organización o considere oportuno, colocará sinais de advertencia, nos camiños con máis dificultade.

12.- LIMPEZA E PRESERVACIÓN DO MEDIO NATURAL:

A V ruta BTT Concello de Dumbría, discurre por entornos de gran valor natural. Por este motivo, chámase a tódolos participantes a manter e protexer o entorno. O punto de avituallamento disporá de puntos de recollida, donde os participantes poderán depositar latas, papeis e botellas.

13.- NON COÑECEMENTO DO REGLAMENTO:

A participación na marcha BTT, implica a aceptación deste reglamento. O descoñecementodo mesmo, non exime o participante do seu cumprimento.

14.- SUSPENSIÓN OU MODIFICACIÓN DA RUTA:

A organización poderá modificar o percorrido debido a causas meteorolóxicas adversas.

Se causas de forza maior impidisen a celebración da marcha, a organización non devolverá o importe da inscrición, aprazando a ruta para unha nova data.

En ningún caso se devolverá o importe os participantes, que por diversas causas, non poidan asistir.

15.- DISPOSICIÓNS FINAIS:

A organización reservase o dereito de realizar as modificacións oportunas, cando por algún motivo, o estime necesario.

A organización se reserva o dereito de modificar parcial o totalmente o contido deste reglamento, cando por algún motivo, o estime oportuno.

O feito de inscribirse na marcha BTT, supón a aceptación do presente reglamento e a renuncia a tódolos dereitos contra a organización derivados dos danos que se poidan ocasionar na marcha BTT.

A organización non se fai responsable dos posibles accidentes que poidan ocorrer no caso de imprudencias, ou por non seguir as normas da proba.

Asdo: O Director Executivo

César Ferrío Martínez